

GALERÍA MULLERES

abril 2019



Agnès Varda

Bruxelas 1928-París 2019. Cineasta

Artista multidisciplinar, Varda dedicou gran parte da súa enerxía ao cinema, aínda que na década dos anos 50 fora fotógrafa profesional. Case sempre identificamos a Agnès Varda con François Truffaut, Jean-Luc Godard ou Claude Chabrol, referentes do movemento francés de finais dos 50, a *Nouvelle Vague*, pero antes de que eles filmasen "Os 400 golpes" (1959), "Ao final da escapada" (1960) ou "O belo Serxio" (1958), Agnès Varda xa rodara en 1954 a súa ópera prima "A Pointre Courte", auténtica precursora estilística do movemento.

Varda estudou Historia da arte na *École du Louvre* antes de conseguir un traballo como fotógrafa oficial do *Théâtre National Populaire* de París. Gustáballe a fotografía, pero estaba máis interesada no cinema. Despois de pasar uns días gravando a pequena cidade pesqueira francesa de Sète, no barrio "A Pointre Courte", para un amigo cunha enfermidade terminal que non podería visitala por si só, Varda decidiu facer unha película. Deste xeito aparece en 1954 a súa primeira película. A película é a precursora estilística da *Nouvelle Vague* francesa.

Toda a súa obra presenta un estilo experimental distintivo e un carácter realista e social. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos premios, entre eles en 1985 obtivo o León de Ouro do Festival de Cinema de Venecia, o Premio César en 2009 ou o Premio René Clair da Academia francesa. En 2017 recibiu o Óscar Honorífico pola súa carreira

Unha canta, a outra non, é a súa primeira película explicitamente feminista que foi un absoluto éxito en Francia.



Concello de
Muxía